

A MULLER TRAGONA



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0039_004_id2952_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0039_004_id2952.mp3
TIPO DE REXISTRO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcripción de texto
DURACIÓN DO AUDIO: 0:04:20

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** Febreiro de 1999
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Concello:** A Lama
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Remedios Rajoy
 - Idade no momento da recollida:** 89 anos
- **RECOLLEDOR/ORA:** M^a Milagros García Rajoy
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** A moza que comía pouquiño – *The girl who ate so little*
 - Tipo:** Anécdotas e chistes
 - Subtipo:** Historias sobre mulleres – Buscando esposo
 - Referencia:** 1458 AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante os anos 90 do século XX, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que participaron nas recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreá.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, chiste, anécdota

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN

Unha vez unha moza que se estaba pra casar cun mozo, e a el díxéronlle:

– Pois mira, desponte a traballar que ela come moito.

– Home, será como outra.

– Non, ela come moito, pra manter a esa muller inda hai que ir a Roma.

E dixo de el:

– Bueno, poise, cómo vou facer.

– Pois vas facer ben, vaste vestir de pobre, e vas pola porta pedíndolle limosna á caída da tarde. Ti vas ve-la merenda e despois aínda falta a cena e xa comeu o xantar.

E vai e visteuse de pobre e encontrou a nai que a conocía.

– E logho, señorita, e logho usté non me darían unha limosna?

– Mire, nós aghora ímoslle prá roza pero quédalle alá a nosa filla que lle de algo de limosna, que queda a nosa filla na casa.

E vai el e petou á porta.

– Quen sea que entre.

Entrou el todo enghoumadiño, e veu que tiña catorce tazas de papas nunha parromeira.

– Buenas tardes señora.

– Buenas tardes.

– Eu viñen en mala hora, conta con invitados.

– Non, aquí o invitado son eu. Nós non traballamos pós de fóra, nós traballamos pra nós comer.

– Ah, si señora, fan ben, o corpo hai que o alimentar.

E vai e dixo el:

– Usté poderame dar unha limosniña?

E a muller mentres falaba con el -enxaghoaba- botáballe unha taza de papas ó peito e xa enchía outra e púñaa a enfriar e chimpaba outra ó peito e enchía outra.

E el veu aquilo, que a muller xa tiña catorce tazas de papas a enfriar pola parromeira e aínda enchía nas que vaciaba, dixo el: “Razón che tiñan os compañeiros, este odre non che hai cosecha que lle cheghue, pois vóucheme marchar”.

E vai el, ó ver aquilo:

– E usté acaba de contas. Deme algunha limosniña que a min fáiseme noite pra marchar.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

– Aquí non lle damos a outros do que nós non comamos, usté se quere unha taza de papas?

Pero el xa estaba cheo, ver que ela babuxaba nas tazas e a barrigha chegháballe máis ca de aquí a Roma.

– No, non señora, eu se me daban algo de cartiños...

– Ai! Deso non, non, o noso diñeiro non é pos de fóra, é pra nós.

– Bueno, pois entón voume sin nada.

– Coma unha taza de papas que o pote está cheo. Bueno, cheo xa non dighamos porque eu xa teño comido a miña parte, pero aínda me queda.

– Bueno, e logho non me ten unha limosna pra me dar?

– Non, non señor, sólo papas, como eu como. Eu non lle pododo dar máis ós outros co que como eu.

– Bueno, pois... eu esa comida nunca me ghustou.

– E como vai decir que non lle ghusta esta comida se nunca a comeu? Usté métalle dúas ou tres tazas de papas ó peito, xa non lle digho máis, e xa verá cómo lle van saber.

– No, eso pode ser outro día que pase por aquí, se paso, pero hoxe non teño ghana delas.

Pero ó ver que non tiña nada pra lle dar e vendo que ela vaciaba tazas de papas ó peito, e enchendo outras e poñendo aquela a enfriar..., el marchou e a porta tiña un postigho.

– Dios vaia contigho, xa teño quince no peito e aínda me fan falta outras tantas.

Pero despois díxolle, botóulle a cabeza pra dentro do postigho e dille: “Señora!”

– Váíase, váíase con Dios que perdo de comer papas.

– Coma, e coma de vaghar porque o que quería tarde ou nunca a ven buscar.

E este foi o remate.